



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Practicum II	Código	652G04045	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	20
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaDidácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía			
Coordinación	Duran Bouza, Montserrat	Correo electrónico	montserrat.duran.bouza@udc.es	
Profesorado	Bueno Palomino, Ana Maria Cortés Cortés, Joselyn Francis Garcia Real, Teresa Juana Gonzalez Fernandez, Maria angeles Laffon Lage, Blanca Lamas Gonzalez, Juan Ramon Lodeiro Fernández, Leire Pasaro Mendez, Eduardo Jose Redondo Díaz, Mª Milagros Rodríguez Machado, Eduardo Rafael Vieiro Iglesias, Maria del Pilar Vilariño Vilariño, Maria Isabel	Correo electrónico	ana.bueno@udc.es joselyn.cortes@udc.es teresa.greal@udc.es maria.angeles.gonzalez@udc.es blanca.laffon@udc.es juan.lamas@udc.es leire.lodeiro@udc.es eduardo.pasaro@udc.es m.redondo@udc.es e.rodriguez.machado@udc.es pilar.vieiro@udc.es isabel.vilarino@udc.es	
Web	http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			



Descrición xeral	<p>CORREO-E: practicum.educacion@udc.es</p> <p>PRERREQUISITOS:</p> <p>Para matricularse no Practicum II é necesario ter superados 140 créditos e mais o Practicum I.</p> <p>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</p> <p>Dos 20 créditos ECTS da materia (500 horas), 200 son de carácter presencial e 300 de carácter non-presencial ou de traballo autónomo.</p> <p>Das 200 horas de carácter presencial, 180 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras, e as 20 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e formativas, así coma titorías na Facultade.</p> <p>O Practicum II, xunto co Traballo de Fin de Grao constitúe a única materia a cursar no segundo cuatrimestre do cuarto curso.</p> <p>CONTEXTUALIZACIÓN</p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación dos plans de estudio acorde cos requirimentos do novo Espacio Europeo de Educación Superior, posto en marcha no 1999 coa Declaración de Bolonia e que destacaba a importancia de reforzar a investigación-innovación-educación para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: ?Os títulos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art.9.1), de tal maneira que contempla a posibilidade de establecer prácticas externas que virían a ?reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación?..proporcionando un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (Preámbulo) (RD 1393/2007, de 29 de outubro, de Ordenación das ensinanzaas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, facilitando que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais; senón tamén asignarlle un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes que se usen para poñer en funcionamento a investigación, situando a práctica profesional no centro da formación, como elemento a ter en conta para a organización do curriculum, onde a reflexión sobre a experiencia converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementando a capacidade de aprender con autonomía, potenciando a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p> <p>O marco conceptual ven dado polos obxectivos xerais para o Grao de Logopedia , fixados pola Orden Ministerial CIN/726/2009, que establece que as competencias propias da logopedia non poden ser desempeñadas por ningún outro profesional ou disciplina.</p>
-------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Aplicar o coñecemento teórico e práctico para a realización dunha avaliación logopédica	A8 A9 A10 A11 A12 A26	B1 B3 B8 B11	C1
Realizar a planificación estratéxica da intervención logopédica.	A13 A14 A15 A18 A27	B6 B9 B10 B14	C3 C6
Ser capaz de poñer en práctica un proceso de intervención logopédica	A17 A22 A29	B12 B15 B16	C4
Ser capaz de levar a a cabo o traballo de forma individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador	A14 A16 A30	B6 B12 B15 B23 B24	
Coñecer a actuación profesional e as contornas onde se desenvolve a práctica.	A16 A18 A25 A28	B12 B21 B23	C5 C7
Adquirir ou desenvolver os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.	A29 A31	B2 B15 B17 B23 B24	C4 C8
Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.	A19 A20 A32	B13	C3 C6

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Os contidos que se abordarán nos diferentes destinos de prácticas estarán básica e intimamente relacionados cos campos profesionais da logopedia e os labores inherentes a eles.</p> <p>Así, durante o período de prácticas os alumnos/as, levarán a cabo accións relacionadas tanto co proceso de avaliación e diagnóstico como co proceso de tratamento logopédico.</p> <p>Ademais, deberán adaptar as técnicas e estratexias empregadas en función de cada caso e do contexto de actuación. Estas tarefas serán supervisadas polos titores/as de cada centro.</p> <p>De igual maneira, durante a realización deste practicum II será de interese garantir a presenza do/a logopeda en formación naqueles espazos laborais emerxentes en que se albiscaren posibilidades para o exercicio profesional.</p> <p>O Practicum II establece como contidos, ademais da posta en práctica das técnicas de avaliación e tratamento logopédico, a posta en práctica das habilidades sociais e comunicativas para o establecemento das relacións interpersoais cos usuarios, as súas familias e con outros profesionais implicados no tratamento.</p>	
<p>Os contidos do Practicum II estarán relacionados cos seguintes aspectos:</p>	<p>1. Aplicación das distintas técnicas e estratexias de avaliación logopédica, así como elaboración de informes tanto de exploración como de avaliación</p>
<p>O proceso de tratamento logopédico</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Formulación de obxectivos e elección de técnicas e recursos materiais mais adecuados. - A avaliación do proceso de intervención. - Pautas de asesoramento e actividades para as familias co obxectivo de que apoiem o proceso de intervención
<p>Recursos materiais empregados na intervención logopédica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - A adaptación do uso do materiais en función dos obxectivos do programa e das características cognitivas, motoras ou psicolóxicas dos usuarios. - A creación de materiais en función dos obxectivos do programa, en función das características cognitivas, motoras ou psicolóxicas dos usuarios.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	B2 B8 B9 B10 B11 B12 B17 B21 C1	10	0	10



Portafolios do alumno	A9 A10 A11 A12 A15 A17 A18 A19 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A32 B2 B3 B9 B13 C1 C3	0	70	70
Análise de fontes documentais	A8 A13 A14 A25 A30 B1 B2 B9 B10 B15 C4 C5 C6 C7 C8	0	12	12
Eventos científicos e/ou divulgativos	B2 B8 B9 B10 B11 B12 B17 B21 C1	8	0	8
Prácticas clínicas	A9 A10 A11 A12 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A22 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 B3 B6 B8 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B21 B23 B24 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	180	216	396
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	<p>1. Sesión informativa inicial. Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.</p> <p>2. Selección de institución.</p> <p>3. Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor da Facultade.</p> <p>- Antes de incorporarse á institución de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</p> <p>- Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común dos portafolios do alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin.</p> <p>- Ao finalizar a estadía no centro, de seguimento para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.</p>
Portafolios do alumno	<p>É un cartafol ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado no Practicum ou o seu rexistro.</p> <p>O portafolios inclúe todo o que fai cada alumno/a, como apuntamentos ou notas, traballos, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios do seu progreso realizados polos tutores etc.</p>



Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum II dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institucións clínicas, educativas e/ou asistenciais. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención nos diferentes contextos da práctica profesional. O/a Titor/a da Facultade establecerá as lecturas obrigatorias que considere necesarias para o mellor desenvolvemento do Practicum.
Eventos científicos e/ou divulgativos	O alumnado asistirá a un evento científico e/ou divulgativo de profesionais e expertos no ámbito da Logopedia que presentarán experiencias profesionais desenvoltas en diferentes contextos laborais (8 horas)
Prácticas clínicas	Os estudantes levarán a cabo prácticas en institucións nas que contan cun profesional da logopedia, co fin de que aprendan a desenvolver a súa labor profesional nun ambiente natural relacionado co exercicio da profesión, no que observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario Prácticas clínicas	<p>-O/a Titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro (cando menos 1) durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo. Recoméndase que un dos contactos teña forma de visita.</p> <p>Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.</p> <p>Polo que se refire ás prácticas clínicas, o titor/a do centro de prácticas supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	B2 B8 B9 B10 B11 B12 B17 B21 C1	<p>O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios de titoría cos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Asistencia ás titorías - Grao de cumprimento sobre do plan de seguimento establecido, tendo en conta a pertinencia das súas intervencións, dúbidas, suxerencias, etc. 	10
Portafolios do alumno	A9 A10 A11 A12 A15 A17 A18 A19 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A32 B2 B3 B9 B13 C1 C3	<p>Debería facer referencia a:</p> <p>? Características da institución: descrición, características asistenciais, recursos, principios logopédicos, etc.</p> <p>? Parte clínica: Análise do programa ou programas de intervención. Descrición das patoloxías e casos observados e/ou tratados, incluíndo cada unha das fases do proceso de intervención:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Descrición do proceso de avaliación así como das técnicas e instrumentos empregados. - Obxetivos terapéuticos. - Técnicas de tratamento empregadas. - Procedemento nas diferentes sesión. - Conclusión e reflexión sobre dos resultados logrados. 	40



Prácticas clínicas	A9 A10 A11 A12 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A22 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 B3 B6 B8 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B21 B23 B24 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado na institución, facendo unha valoración das seguintes cuestións recollidas na Ficha de avaliación: asistencia e puntualidade, responsabilidade no traballo diario, responsabilidade e interese pola aprendizaxe, competencias profesionais	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	B2 B8 B9 B10 B11 B12 B17 B21 C1	-Asistencia ás sesións. - Síntese dos contidos dos distintos eventos	10

Observacións avaliación

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN:

Para emitir a cualificación final desta materia, o profesor-titor da Facultade terá en conta os 4 elementos recollidos na avaliación: seminarios, portafolio, valoración das prácticas clínicas realizada polo titor da institución colaboradora e a asistencia ó evento científico desenvolto por profesionais expertos en diferentes ámbitos da práctica logopédica.

a) Requisitos para superar a materia:

Para aprobar a materia será necesario superar as prácticas clínicas e o portafolios.

b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

1.As prácticas clínicas non poden recuperarse, polo que un informe desfavorable nas mesmas, na oportunidade de xuño, implica a non superación da materia.

2. Os seminarios e os eventos científicos non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantéñense para a oportunidade de xullo.

3 O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non o supere na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

c) Cualificacións:

3.Non realizar as prácticas clínicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

4. Non presentar o portafolios tendo as prácticas clínicas superadas supón obter a cualificación máxima de 4.

Fontes de información

Bibliografía básica	Cómpre consultar a bibliografía das diferentes materias da titulación segundo o ámbito elixido e de acordo coas indicacións dos titores.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Os traballos deben subirse ao Moodle unha vez finalizado o período de prácticas. Se os titores/as solicitan os documentos impresos recomendase non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

